

«Os Monstros de Vicente Risco: de Romasanta á Fera de Oporto»



Martínez-Risco y Agüero (Ourense, 1884-1963) é sen dúbida un dos pais da Antropoloxía galega e española. Os seus estudos, o seu exemplo e a súa vocación docente xogaron e xogan un papel fundamental nos estudos de antropoloxía e folklore de Galiza; papel non suficientemente valorado ao quedar ensombrecido por outras facetas súas tales como a de escritor, e intelectual pensador no eido do nacionalismo galego.

Entre os seus temas favoritos de investigación, o dos **monstros** é un tema moi fértil en Risco, case unha “haunting thought” (idea obsesiva). Herdado dos relatos dos pregos de cordel cantados polos cegos andantes, onde abundaban estas feras, o pequeno Risco arrepiábase cando escoitaba na Alameda de Ourense os romances sobre a Fera de Oporto, xa que o seu pai viaxaba por negocios de cotío a aquela cidade portuguesa.

O tema monstruoso está presente en moitos dos seus traballos, dende os seus artigos («Fieras de Romance» RDTP Tomo XIV (1958), «Las creencias gallegas: el lobishome» RDTP 1945, etc.) ata na súa narrativa e ensaio («Verdadera historia del niño de dos cabezas de Promonta» (1955- 1981), «Orden y caos» Ed. Prensa Española Madrid (1968)), por citar algúns.

Hai que incluír nesta temática o caso de **Manuel Blanco Romasanta**, o lobishome de Esgos ou Allariz, ao que Risco lle dedicou entre outros o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega «Un caso de licantropía» do 23 de febreiro de 1929, recuperando para a historia e o gran público a memoria do proceso xudicial máis famoso caso dun lobishome na península ibérica.



Foto: Martiño Pinal para La Región

Cástor e Félix Castro Vicente (Ourense, 1970), licenciados en Dereito e Antropoloxía, son investigadores en etnografía e música galega, e teñen no Arquivo Castro Vicente unha colección documental e bibliográfica importante, que inclúe máis de cen pregos de cordel de temática galega. Ademais son os principais investigadores do caso de Manuel Blanco Romasanta, o Lobishome de Esgos, no que veñen aportando numerosas descubertas, como foi en 2011 o feito do seu falecemento en Ceuta (dato ata entón totalmente descoñecido), a posible cova de Romasanta na serra de San Mamede en 2012, e numerosa documentación inédita que vai aparecendo, aportando novas teorías dun xeito multidisciplinar. Por elo son requiridos habitualmente nos medios e por autores para asesoramento sobre a súa historia. O pasado 2023 todos estes traballos foron impartidos nun curso de extensión universitaria monográfico sobre Romasanta que ofreceron na UNED.

As crenzas tradicionais galegas e o imaxinario fantástico ocupan tamén boa parte dos seus traballos, tanto prácticas máxico-religiosas, o *ciprianillo*, pactos demoníacos e a busca de tesouros, rituais anuais (Antroido, San Xoan...), maxia e ocultismo ibérico do s. XIX e s. XX: movementos, editores e autores ocultistas e as súa relación con personaxes da cultura galega (Valle-Inclán, Víctor Said Armesto entre outros).

Por sinalar os traballos e publicacións máis destacables estarían todo o ronsel de publicacións nacionais e internacionais sobre O Ciprianillo (ed. Hibris) que culminaron coa exposición e catálogo «San Cipriano o Mago: De ciprianillos e tesouros». Os seus artigos son plaxiados de seguido e é solicitada a súa colaboración dende todo o orbe para o facer desencantos e atopar tesouros.

Félix Castro ademais acadou en 2020 o premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, co seu traballo «*Do doutor Alveiros á porta de palla. O ocultismo na obra e vida de Vicente Risco*». E no ámbito académico leva impartido xunto ao antropólogo Rafael Quintía xa dous Cursos de Extensión Universitaria da UNED sobre «*Magia Erótica en España en el siglo XX: entre la literatura escrita y la cultura oral*».

Son moitas as temáticas que lles unen a Risco, e na comunicación darán unha visión sobre os monstros que tratou Risco nos seus traballos, en ocasións procedentes de pregos de cordel, unha clasificación tipolóxica destes, e aportarán unha visión panorámica das súas investigacións sobre Manuel Blanco Romasanta, con especial fincapé na tradición oral que se conserva do caso.



PUBLICACIONES:

Publicacións de libros e monografías

«*San Cipriano o Mago: de oracións, ciprianillos e tesouros*» [catálogo da exposición] Museo Etnolóxico de Ribadavia [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, 2021.

«*Do Doutor Alveiros á Porta de Palla : o ocultismo na vida e obra e Vicente Risco*» Ed. Doutor Alveiros. Fundación Vicente Risco, 2020

Exposición *Manuel Blanco Romasanta*, V Xornadas Romasanta, Allariz, 2015

«*Transformacións na organoloxía da gaita en Galicia: O caso da gaita marcial*», autoeditado 2014

«*Faustino Santalices: Ciencia da gaita, consciencia da zanfona*», Congreso [Actas], coordinadores e coautores. Ed. Difusora de Letras, Artes e Ideas, Xunta de Galicia, 2011

«*Sanfónicas*», coordinadores CD, 2011

«*Libros do demo: grimorios e ciprianillos*» [catálogo da exposición] Museo Provincial de Lugo, 2010.

«*Faustino Santalices: Tradición musical galega*» Comisarios, coordinadores, e coautores [catálogo da exposición] Ed. Museo Etnolóxico de Ribadavia, Xunta de Galicia, 2010.

«*Sons da Limia. Música tradicional*» Libro-CD Coautores con Pablo Carpintero, Ed. Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2008

«*Catálogo de músicos da Limia : música tradicional*» Coautores con Delfín Caseiro. Ed. Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2005

Pósters y Comunicacions en Congresos

«*Mulleres heterodoxas: imaxinario, movementos e prácticas máxicas*»
VI congreso AGANTRO 2022, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

«*Ocultismo finisecular. Autores e editores ocultistas do cambio do s. XIX ao XX*»
V Congreso AGANTRO 2021, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

Comunicacións nas Xornadas Romasanta, Allariz, 2011 a 2021, sobre diversos aspectos (victimoloxía, perfilación criminal, bibliografía)

«*Víctor Said Armesto, o ocultismo e a teosofía*»
Congreso «Víctor Said Armesto e o seu tempo: perspectivas crítica»
Vigo – Santiago de Compostela, 2015.

«*Cunqueiro e o "Dicionario infernal" de Collin de Plancy*»
Congreso Mil e un Cunqueiros» Santiago de Compostela, 2011.

Colaboracións en obras colectivas

«*Faustino Santalices Muñiz. Doutor en Medicina e Cirurxía, Afador*»
Actas do V Congreso de Patrimonio Etnográfico Ed. CCP Xaquín Lorenzo, Deputación de Ourense 2018

«*Víctor Said Armesto, o ocultismo e a teosofía*»
Víctor Said Armesto e o seu tempo: perspectivas críticas, 2015

«*Cunqueiro e o "Dicionario infernal" de Collin de Plancy*»
Mil e un Cunqueiros: novas olladas para un centenario: do 28 de setembro ao 1 de outubro de 2011-2014

«*Transformations in the organology of the bagpipes in Galicia: the case of martial bagpipes*».
Actas do Congreso Internacional de Organoloxía Vol.III Ed. Animusic (Portugal) 2014

«*El final de Romasanta*»

Romasanta. Historia y leyenda. Ed. Auria, 2011.

«Francisco Villarino Ojea "Paco de Escornabois" como paradigma do gaiteiro popular: prácticas e usos musicais do Antroido de Castro de Laza»

«Influencias da tecnoloxía no xeito de facer e entender a música»

Actas da Conferencia Internacional da Tradición Oral: oralidade e patrimonio cultural, Vol. 2, 2010

«Os libros do Demo, Grimorios e Ciprianillos»

A figura do demo na literatura de tradición oral: Actas da I Xornada de Literatura oral, Deputación de Lugo, 2008.

«Itinerarios histórico musicais : Ourense» [Monografía] Editorial: Ouvirmos, 2008

Artigos de revistas

«Breve reseña de algunos libros españoles de magia erótica de inicios del siglo XX»

Anuario Fol de Veneno n.º 10, 2021, Ed. SAGA, Pontevedra.

«A fruta travesera en Re en Galicia. Gravacións de campo» - Congreso da requinta
Revista Aturuxo, n.º 18, Ed. Asociación de Gaiteiros Galegos, 2019

«El grupo teosófico Marco Aurelio de Pontevedra», Anales de la literatura española contemporánea, ALEC, Vol. 41, N.º 3, 2016 (Ejemplar dedicado a: Anuario Valle-Inclán 15)

«O Máxico San Cipriano e os Libros de San Cipriano», Anuario Fol de Veneno n.º 5, Ed. SAGA, Pontevedra, 2015

«Manuel Blanco Romasanta», Revista Enigmas n.º 200 Ed. Madrid, 2012

«A música na Limia Alta: romances e cegos músicos (I)»

Lethes. Cadernos culturais do Limia, n.º 10, Ed. Centro de Cultura Popular do Limia, 2011

«Un prego de cordel descoñecido sobre o caso de Manuel Blanco Romasanta: O "home do unto" e unha escolma bibliográfica sobre o mesmo»

Lethes. Cadernos culturais do Limia, n.º 9, Ed. Centro de Cultura Popular do Limia, 2011

«La colección de libros cabalísticos de la editorial Maucci», Hibris: Revista de bibliofilia, N.º. 54, 2009

«Romasanta, el hombre lobo de Allariz» Hibris: Revista de bibliofilia, 2007

«Las ediciones españolas del Diccionario Infernal», Hibris: Revista de bibliofilia, N.º. 39, 2007

«O Libro de San Cibrán: unha realidade no imaxinario popular», Murguía: revista galega de historia, N°. 12, 2007

«O cego da Gándara: Unha vida prodixiosa», coautores con Delfín Caseiro Lethes. Cadernos culturais do Limia, n° 7, Ed. Centro de Cultura Popular do Limia, 2007

«Rosendo Pons, editor y ocultista (y II)», Hibris: Revista de bibliofilia, N°. 33, 2006

«Rosendo Pons, escritor y ocultista», Hibris: Revista de bibliofilia, N°. 32, 2006

«Primeira presentación do Coro De Ruada. Tío Marcos da Portela»
Revista Coro De Ruada Ed. Deputación de Ourense 2006

«Os músicos da Limia», coautores con Iván Area
Cultura tradicional e desenvolvemento rural, Eds. Xavier Simón Fdez e Xavier Prado, 2006

«El libro de San Cipriano (y II)», Hibris: Revista de bibliofilia, N°. 28, 2005

«El Libro de San Cipriano (I)»
Hibris: Revista de bibliofilia, N°. 27, 2005

«Tipoloxías da frauta en Galicia e referencias literarias e impresas no S. XIX»

«Historia do acordeón diatónico e referencias publicadas no Tío Marcos da Portela»
Revista Murguía n° 4, Ed. Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín-Asoc. Galega de historiadores, 2004

Cursos e seminarios impartidos

Curso de Extensión Universitaria Uned 2023/2024 «Magia Erótica en España en el siglo XX: entre la literatura escrita y la cultura oral»

Curso de Extensión Universitaria Uned 2023 «Manuel Blanco Romasanta. El hombre lobo de Allariz: un acercamiento interdisciplinar»

Curso de Extensión Universitaria Uned 2022/2023, «Magia Erótica en España en el siglo XX: entre la literatura escrita y la cultura oral»

Non se inclúe nesta memoria as gravacións de CDs nas que participan coas súas diversas formacións musicais (TOR, Gomes Mouro, Sólidos Galicianos), colaboracións en documentais e programas de TV (asesorías no programa Alalá da TVG), e outros

«Os Monstros de Vicente Risco: de Romasanta á Fera de Oporto»



Martínez-Risco y Agüero (Ourense, 1884-1963) é sen dúbida un dos pais da Antropoloxía galega e española. Os seus estudos, o seu exemplo e a súa vocación docente xogaron e xogan un papel fundamental nos estudos de antropoloxía e folklore de Galiza; papel non suficientemente valorado ao quedar ensombrecido por outras facetas súas tales como a de escritor, e intelectual pensador no eido do nacionalismo galego.

Entre os seus temas favoritos de investigación, o dos **monstros** é un tema moi fértil en Risco, case unha “haunting thought” (idea obsesiva). Herdado dos relatos dos pregos de cordel cantados polos cegos andantes, onde abundaban estas feras, o pequeno Risco arrematábase cando escoitaba na Alameda de Ourense os romances sobre a Fera de Oporto, xa que o seu pai viaxaba por negocios de cotío a aquela cidade portuguesa.

O tema monstruoso está presente en moitos dos seus traballos, dende os seus artigos («Fieras de Romance» RDTP Tomo XIV (1958), «Las creencias gallegas: el lobishome» RDTP 1945, etc.) ata na súa narrativa e ensaio («Verdadera historia del niño de dos cabezas de Promonta» (1955- 1981), «Orden y caos» Ed. Prensa Española Madrid (1968)), por citar algúns.

Hai que incluír nesta temática o caso de **Manuel Blanco Romasanta**, o lobishome de Esgos ou Allariz, ao que Risco lle dedicou entre outros o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega «**Un caso de licantropía**» do 23 de febreiro de 1929, recuperando para a historia e o gran público a memoria do proceso xudicial máis famoso caso dun lobishome na península ibérica.

Cástor e Félix Castro Vicente (Ourense, 1970), licenciados en Dereito e Antropoloxía, son investigadores en etnografía e música galega, teñen no Arquivo Castro Vicente unha colección documental importante, que inclúe máis de cen pregos de cordel de temática galega. Ademais son os principais investigadores do caso de Manuel Blanco Romasanta, o Lobishome de Esgos, no que teñen aportado novas perspectivas de investigación e numerosas descubertas (como foi o seu falecemento en Ceuta).

Félix Castro ademais acadou en 2020 o premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, co seu traballo «*Do doutor Alveiros á porta de palla. O ocultismo na obra e vida de Vicente Risco*».

Son moitas as temáticas que lles unen a Risco, e na comunicación darán unha visión sobre os monstros que tratou Risco nos seus traballos, en ocasións procedentes de pregos de cordel, unha clasificación tipolóxica destes, e aportarán unha visión panorámica das súas investigacións e descubertas sobre Manuel Blanco Romasanta, con especial fincapé na tradición oral que se conserva do caso.

